

PREGUNTA 3.ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre **a Primeira república**. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ao establecemento da república, aos problemas aos que debeu enfrontarse, con especial atención ao movemento cantonal, así como ás características básicas do proxecto de Constitución federal. (5 puntos)

Doc. 1.Discurso pronunciado por Emilio Castelar nas Cortes a véspera da proclamación da República:

“Señores deputados, aquí o partido republicano non reivindica a gloria que sería para el destruír a Monarquía. [...] Non, ningún destruíu a Monarquía en España; ningún a matou. Eu, que tanto contribuí a que este momento viñese, eu debo dicir que non sinto na miña conciencia, non, o mérito de concluír coa Monarquía. Señores, con Fernando VII morreu a Monarquía tradicional; coa fuga de dona Isabel II, a Monarquía parlamentaria; coa renuncia de don Amadeo de Savoia, a Monarquía democrática; ningún acabou con ela; morreu por si mesma”.

Doc. 2.Proxecto de Constitución federal da república española, 17 de xuño de 1873:

“Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal.

Art. 41. Todos os poderes son electivos, amovibles e responsables.

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e é exercida en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: O Municipio. O Estado rexional. O Estado federal ou Nación”.

Doc. 3.Manifesto da Xunta Revolucionaria de Cartaxena, 12 de xullo de 1873:

“CARTAXENEROS: Os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos o deber imprescindible de facer unha declaración categórica [...] dos nosos principios. Proclamada como forma de goberno para España a República Federal, o pobo republicano, na súa inmensa maioría reclamaba, [...] que se organizase a Federación establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns e dando a estes e ao municipio a autonomía suspirada.

A Xunta de Saúde Pública vén atender tan sacros intereses...Viva a República Federal! Viva a soberanía do pobo!”